XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 15 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra o Partido Popular solicitando a retirada inmediata dunha publicación de explicación de voto en varias redes sociais e a prohibición da súa utilización a través de calquera canle e, no seu caso, a imposición das sancións que a normativa electoral prevé (RE 248/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 12 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG – PSOE), presenta denuncia contra o Partido Popular (PP) solicitando a retirada inmediata dunha publicación de captación de voto en varias redes sociais e a prohibición da súa utilización a través de calquera canle e, no seu caso, a imposición das sancións que a normativa electoral prevé.

   Fundamenta a súa petición transcribindo unha publicación realizada nas redes sociais (Twitter e Instragram, sinaladamente) do Partido Popular da que resalta, entre outras, as seguintes manifestacións:

   "*Teñen diferentes S.I.G.L.A.S., pero detrás delas está o mesmo barullo e PEDRO SÁNCHEZ" (...) "PERO O 18 DE FEBREIRO ESCOLLE CONFIANZA, CONFÍA NA GALICIA QUE NON PARA!"*.

   As cales poderían ser constitutivas, ao seu parecer, dunha infracción dos artigos 50, 51 e 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), xa que sendo "*o eslogan "Galicia non para!" un dos lemas utilizados polo Partido Popular de Galicia, supón unha clara infracción da prohibición de levar acabo campaña electoral nun período temporal expresamente prohibido*".

2. O 12 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 474/2024), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia -PSOE (RS 475/2024).

3. O 13 de xaneiro de 2024, o denunciado cumpriu o trámite concedido formulando alegacións (RE 252/2024) motivando a conformidade do acto do que deriva a denuncia co establecido no artigo 50.1 da LOREX, polo que solicitan o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

   Así, entre as súas alegacións, o Partido Popular indica que "*compre lembrar que o artigo 50.1 LOREX refírese aos poderes públicos, non ás formacións políticas, polo que en ningún caso a actuación do Partido Popular pode considerarse contraria a ese precepto*." Sinalando de seguido exemplos doutras campañas elaboradas por distintas formacións políticas que explican o procedemento para exercer o voto por correo. No referente a aparición da imaxe

gráfica institucional da Xunta de Galicia, alega "*que unicamente se utilizou a dita imaxe co fin de indicar á cidadanía que nos atopamos ante un proceso electoral ao Parlamento de Galicia, que ten como finalidade última a elección do goberno da Xunta de Galicia.*"

Fundamentos de dereito

Primeiro. Os artigos invocados 50, 51 e 53 da LOREX, se refiren, respectivamente, á campaña de carácter institucional, á duración da campaña electoral e ao período de prohibición de campaña electoral.

Concretamente, o artigo 53 da LOREX, dispón que non pode difundirse propaganda electoral nin realizarse acto algún de campaña electoral unha vez que esta tivese rematado. As limitacións anteriores se establecen sen prexuízo das actividades realizadas polos partidos, coalición e federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

Non obstante o anterior dende a convocatoria período comprendido dende a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, no seu parágrafo segundo, a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

E o artigo 50.4 da LOREX define que se entende por campaña electoral; o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polos candidatos, partidos, federacións, coalicións ou agrupacións en orde á captación de sufraxios.

Segundo. Esta prohibición de realizar a campaña electoral incluída no artigo 53 da LOREX, é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, no que aquí interesa, nos seguintes termos:

— A prohibición durante o referido período ás formacións políticas e ás candidaturas de inserción de anuncios en prensa ou revistas, ou en cuñas radiofónicas, ou en formatos publicitarios en internet (*banners*), ou en canais comerciais de televisión ou en outros soportes en medios dixitais (apartado primeiro.2 in fine).

— A inmediata retirada no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbese propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, sendo en todo caso responsable a efectos de administración electoral o candidato ou candidata ou a formación política á que se refire a propaganda (apartado primeiro.4).

—Non incorren nesta prohibición a participación en redes sociais (Facebook, Twitter, Tuenti, etc.), sempre que non supoñan ningún tipo de contratación comercial para a súa realización e non inclúan ningunha petición expresa de voto (apartado segundo.7).

—As xuntas electorais competentes, en función do acto realizado e do proceso electoral convocado, resolverán as denuncias, reclamacións ou recursos que se presenten para garantir o cumprimento do disposto no artigo 53 da LOREX. A tal efecto poderán requirir aos afectados para que de forma inmediata procedan á suspensión de calquera acto prohibido ou a retirada de calquera instrumento de publicidade ou propaganda que incumpra a lexislación vixente (apartado terceiro).

Terceiro. A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023:

"*El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política"*

Cuarto. No presente caso, debemos partir do acordo da XEC do 15/4/2021 no que se afirma que a lexislación electoral non impide que os partidos políticos poidan difundir e informar aos electores do procedemento de voto por correspondencia -aínda que este procedemento constitúe o obxecto da campaña institucional que o goberno convócante do proceso electoral debe realizar conforme ao disposto no artigo 50.1 de la LOREG- pero sen que isto permita que se camufle propaganda electoral antes do comezo da campaña electoral. E isto é o que esta Xunta electoral entende que acontece coas publicacións denunciadas, posto que nas mesma se recollen as referencia a, "Galicia non para" (coincidente co lema do partido denunciado) , "confía en Galicia que non para" acompañado da imaxe gráfica institucional " Xunta de Galicia" unido as siglas do PP, xunto con, "hai moitas papeletas que están disfrazadas, teñen diferentes SIGLAS, pero detrás está o mesmo barullo e Pedro Sánchez", "Tamén tes a papeleta do Partido Popular de Galicia" Todas estas circunstancias; lema, siglas, imaxe gráfica institucional Xunta de Galicia, non pode ser considerado que teñen carácter accesorio, se non principal e preponderante, de modo que implica un acto de propaganda electoral que, ao terse difundido antes do comezo do período de campaña electoral, incorre na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX .

Quinto. Esta Xunta electoral considera que se pretende camuflar como un anuncio informativo e de promoción do dereito ao sufraxio ao difundir o procedemento de solicitude do voto por correo, unha actuación contraria ao artigo 53 da LOREX, posto que, se inclúen frases que teñen un claro carácter electoralista o que xunto co lema e siglas empregadas polo partido popular unido a imaxe da Xunta de Galicia facilmente permite asociar visualmente ambos elementos e entender implicitamente que se trate dunha chamada ao voto en favor de ese partido político, por entender que o contido impugnado ten poder persuasivo, lévase a cabo nas redes sociais, e, polo tanto, debe ser integrado dentro da categoría de campaña electoral, e non pode ser considerado actividade ordinaria dun partido político.

Sentado o anterior, a denuncia debe ser parcialmente estimada. En efecto, a xuízo desta Xunta Electoral a publicación recollida nas redes sociais excede da mera explicación do procedemento para votar por correo, pudendo supoñer una indución ao voto dos electores que pode determinar a captación de sufraxios, presentando connotacións electoralistas vedadas polo artigo 53 da LOREX ata o inicio legal da campaña.

Polos motivos expostos

ACORDA

Que existe infracción electoral do artigo 53 da LOREX e ordena a retirada inmediata das redes socias das publicacións denunciadas que non se limiten a informar do procedemento para exercer o voto por correo, sen que, unha vez ponderadas as circunstancias concorrentes, proceda a incoación de expedientes sancionadores.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá ser presentado ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18:00 horas do próximo día 17 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal